



**CONSELLO DA
CULTURA GALEGA
OBSERVATORIO DA
CULTURA GALEGA**

Web
consellodacultura.org

Twitter:
@consellocultura

Facebook:
facebook.com/consellocultura

Correo:
medios@consellodacultura.org

Telf:
+34 981 95 72 02

► 06/09/2016

O gasto en cultura dos fogares galegos (2016)

O seguinte documento de traballo aborda a evolución do gasto das familias galegas en consumo cultural. Este informe nótrese esencialmente de tres fontes oficiais:

- A Encuesta de Presupuestos Familiares (EPF). Base 2006, do Instituto Nacional de Estadística (INE).
- O Índice de precios de consumo, do Instituto Nacional de Estadística (INE).
- A Enquisa conxuntural a fogares, do Instituto Galego de Estatística (IGE).

A través da análise do gasto total das familias, o gasto medio por fogar e por persoa confórmase a estrutura do documento. A especificidade cultural vén enmarcada na denominación „bens e servizos culturais“, para cuxa delimitación se elaborou unha listaxe a partir da nomenclatura COICOP a 4 díxitos, é dicir, grupo de gasto principal e subgrupo de gasto.

Deste xeito, considerouse a seguinte relación de „bens e servizos culturais“:

- Libros non de texto.
- Prensa.
- Bailes, cines, teatros e espectáculos.
- Outros servizos culturais.
- Equipos de imaxe e son, fotográficos e cinematográficos.
- Soporte para o rexistro de imaxes, son e datos.
- Outros: instrumentos musicais.

O informe complétase con información que permite contextualizar a evolución do gasto: datos de confianza dos consumidores e de evolución dos prezos dos produtos culturais.

Evolución do consumo cultural en Galicia

O consumo en bens e servizos culturais aumentou de maneira importante en Galicia no último ano, tal como se pode observar na seguinte gráfica. De acordo con estes datos, a poboación galega gastou máis de 635 millóns de euros en cultura en 2015. Isto supón un

EVOLUCIÓN DO GASTO CULTURAL DOS FOGARES GALEGOS


incremento dun 15,9% con respecto ao ano anterior e a primeira suba que se produce neste grupo de gasto dende 2008.

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA


Evolución do gasto total en bens e servizos culturais (en millóns de euros)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Galicia foi a comunidade autónoma onde máis se incrementou o gasto total en bens e servizos culturais, tal como se mostra na seguinte gráfica.

Variación da diferenza porcentual do gasto total en bens e servizos culturais por CCAA (2015/2014)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Se se ten en conta o gasto medio por fogar, en 2015 os fogares galegos gastaron case 78,1 euros máis en bens e servizos culturais ca o ano anterior, mentres que no conxunto de España continúa diminuíndo, aínda que de forma máis moderada.




Evolución do gasto medio por fogar en bens e servizos culturais (en euros)

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Galicia	755,5	690,8	644,9	563,3	509,6	587,7
España	898,9	821,1	738,8	673,3	653,6	651,4

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

A evolución do gasto por fogar é moi semellante, pois incrementábase nun 15,3% e continúa a encabezar o incremento en gasto con respecto ás demais comunidades autónomas e o conxunto de España, tal como se reflicte na seguinte gráfica.

Variación da diferenza porcentual do gasto total en bens e servizos culturais por CCAA (2015/2014)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006


Malia este incremento tan importante, en Galicia cada fogar gastou en bens e servizos culturais uns 63,7 euros menos que a media estatal. A comunidade autónoma na que máis gastaron de media os fogares en bens e servizos culturais foi Cataluña (795,8 €) e a que na menos se gastou foi en Extremadura (379,9 €).

Gasto medio por fogar en bens e servizos culturais por CC.AA. en 2015 (euros)

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006


No que se refire ao gasto medio por persoa, en Galicia cada habitante desembolsou uns 235 euros de media en bens e servizos culturais, é dicir, 33,1 € máis ca no ano anterior. Neste sentido, é igualmente a comunidade autónoma na que máis aumenta o gasto por persoa en bens en servizos culturais.

Gasto medio por persoa en bens e servizos culturais por CC.AA. en 2015 (euros)

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006


No que se refire ao gasto total, a comunidade galega sitúase en sexto lugar cun desembolso de 635,8 millóns de euros, 87,2 máis que no ano 2014, o que supón unha porcentaxe do 5,3% sobre o total nacional que ascende a case 12 mil millóns de euros (11.168,8). Cataluña, cun saldo de 2.347 millóns de euros, encabeza a listaxe seguida de Madrid, Andalucía e Valencia, tal e como mostra a seguinte gráfica.

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Gasto total en bens e servizos culturais por CC.AA. en 2015 (millóns de uros)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

A desagregación da información por grupos de gasto amosa que as maiores partidas destínanse a Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet e a servizos culturais. O apartado de libros e publicacións periódicas acapara unha proporción semellante nos dous ámbitos territoriais, España e Galicia, como se pode comprobar a continuación na táboa.

Gasto en bens e servizos culturais por grupo de gasto en 2015

Grupos de gasto		Total (M€)	%	Gasto medio por fogar (€)	Gasto medio por persoa (€)
Total	España	11.968,8	100	651,4	260,4
	Galicia	635,8	100	587,7	235,0
Libro e publicacións periódicas	España	1.749,6	14,6	95,2	38,1
	Galicia	96,8	15,2	89,4	35,8
Servizos culturais	España	4.343,1	36,3	236,4	94,5
	Galicia	232,7	36,6	215,1	86,0
Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet	España	5.086,1	42,5	276,8	110,6
	Galicia	258,3	40,6	238,7	95,5
Outros bens e servizos	España	790,0	6,6	43,0	17,2
	Galicia	48,0	7,6	44,4	17,8

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006



No estudo da evolución apréciase un descenso paulatino do apartado de libros e publicacións periódicas, un pequeno incremento dos equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet e un crecemento importante do gasto en servizos culturais.


Gasto en bens e servizos culturais por grupos de gasto en Galicia. 2010-2015

Grupos de gasto	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Total	784,5	726	684,7	603,1	548,6	635,8
Libro e publicacións periódicas	186,1	154,9	135,6	117,3	99,4	96,8
Servizos culturais	182,5	171,9	206,3	177,1	150,6	232,7
Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet	359,2	349,2	304,2	267,6	255,6	258,3
Outros bens e servizos	56,7	50,0	38,6	41,0	43,0	48,0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Na desagregación por subgrupos, a comunidade galega presenta un gasto superior en eidos como as publicacións periódicas ou outros servizos culturais con respecto do total de España.

Gasto medio por fogar (euros) en bens e servizos culturais por subgrupos de gasto en Galicia. Ano 2015



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006

Con respecto á evolución por subgrupos de gasto, o incremento en gasto cultural que se produciu en Galicia o ano pasado concentrouse en publicacións periódicas, tratamento da información e internet, espectáculos e, sobre todo, en outros servizos culturais non incluídos nos anteriores.

Evolución do gasto en bens e servizos culturais por subgrupos de gasto en Galicia

DATOS &
INFORMES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

	2010	2011	2012	2013	2014	2015
Total	784,5	726	684,7	603,1	548,6	635,8
Libros e publicacións periódicas:						
Libro non de texto	70,4	61,8	45,2	47,7	44,6	34,4
Publicacións periódicas	115,6	93,1	90,4	69,6	54,8	62,4
Servizos culturais:						
Espectáculos	52,4	47,6	40,4	39	47,6	52,2
Outros	130,1	124,3	165,9	138,0	103,0	180,5
Equipos e accesorios audiovisuais de tratamento da información e Internet:						
Audiovisuais, fotográficos e cinematográficos	143,8	128,8	90,1	68,9	64,4	63,5
Tratamento da información e Internet	215,4	220,4	214,1	198,7	191,2	194,8
Outros bens e servizos	56,7	50,0	38,6	41,0	43,0	48,0

Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Encuesta de Presupuestos Familiares. Base 2006


Para enmarcar e comprender mellor a evolución do gasto en consumo cultural dos fogares galegos, cómpre analizar o conxunto xeral do gasto total das familias galegas. Compróbase que, despois de seis anos de continuo descenso entre 2008 e 2014, en 2015 aumenta por primeira vez nesta serie histórica, concretamente nuns 635.000 euros máis ca en 2014, o que supón un incremento dun 2,3%. Incrementouse a cantidade en todos os grupos de gasto, agás en “Transportes” e “Outros bens e servizos”. Un 29,8% deste gasto céntrase no consumo relacionado coa vivenda e as compañías subministradoras, seguido de alimentos e bebidas e moi cerca de transportes. A partida de “Lecer, espectáculos e cultura” acapara o 5,2% do gasto.

Evolución dos prezos

No que se refire á evolución dos prezos, o índice xeral do IPC, tal e como se presenta na seguinte gráfica, experimentou unha suba ata xaneiro de 2014, para iniciar posteriormente un período de descenso, unha redución de prezos que no ámbito de „ocio e cultura“ principiou no propio ano 2014 e que segue a manter esa tendencia á baixa.




Índice de Prezos de Consumo (IPC) en Galicia por grupos de gasto (medias anuais)



Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Índice de precios de consumo

Por subgrupos de gasto de consumo cultural, o IPC na comunidade galega compórtase de xeito distinto segundo o subgrupo. Como se pode ver a continuación na gráfica, o prezo dos libros e da prensa aumenta progresivamente en toda período analizado ao igual co dos servizos recreativos, deportivos e culturais aínda que estes comezan un descenso a principios de 2016. A baixada de prezos máis importante da serie temporal catalízana os equipos e soportes audiovisuais, fotográficos e informáticos.

Índice de Prezos de Consumo (IPC) en Galicia por subgrupos de gasto de consumo cultural (medias anuais)




Fonte: Instituto Nacional de Estadística. Índice de precios de consumo



Confianza do consumidor

O índice de confianza do consumidor (ICC) é negativo no segundo trimestre de 2016, aínda que a percepción da situación económica mellorou entre 2011 e 2016. No segundo trimestre do ano 2016 situábase en -16. O ano 2015 é o que achega os mellores datos, xa que non hai que esquecer que este índice se situaba en 2013 no -43,3. Na seguinte gráfica conséntase esta evolución.


Evolución do Índice de Confianza do Consumidor (ICC) dos galegos



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Enquisa conxuntural a fogares

O Instituto Galego de Estatística ofrece tamén información datada no último trimestre de 2014 sobre gasto cultural, o cal se enmarca no epígrafe „Saír a cear, á cafetería, ao cine e ao teatro“. O número de fogares galegos que realiza ese tipo de gasto aumenta nos últimos catro anos en 30 puntos porcentuais. No segundo trimestre de 2016 supera o 70%. Na seguinte gráfica conséntase esta evolución.

Evolución da porcentaxe de fogares que se permitiron ‘saír a cear, a cafeterías, ir ao cine e ao teatro’ nos últimos tres meses



Fonte: Instituto Galego de Estatística. Enquisa conxuntural a fogares



Conclusións

A poboación galega gastou máis de 635 millóns de euros en cultura en 2015. Isto supón un incremento dun 15,9% con respecto ao ano anterior.

O máis importante é o mesmo que se constata no dato do gasto total e supón unha recuperación do consumo cultural por primeira vez dende o inicio da crise de 2008. Os fogares galegos gastaron de media case 78,1 euros máis en bens e servizos culturais ca o ano anterior.

Galicia foi a comunidade autónoma onde máis se incrementou o gasto total en bens e servizos culturais. Malia este incremento tan importante, en Galicia cada fogar gastou en bens e servizos culturais uns 63,7 euros menos que a media estatal.

Na desagregación por subgrupos de gasto, os fogares galego realizan de media un desembolso superior en eidos como as publicacións periódicas ou outros servizos culturais con respecto do total de España.

O incremento en gasto cultural que se produce en Galicia o ano pasado concéntrase en publicacións periódicas, tratamento da información e internet, espectáculos e, sobre todo, en outros servizos culturais non incluídos nos anteriores.

A evolución dos prezos pode estar axudando nesa recuperación do consumo, xa que os bens e servizos culturais baixan en conxunto dende 2014. Pese a este descenso, o prezo dos libros e da prensa aumentaron un pouco e os servizos recreativos, deportivos e culturais experimentan un descenso a principios de 2016. A baixada de prezos máis importante é para os equipos e soportes audiovisuais, fotográficos e informáticos.

A confianza dos consumidores tamén semella incidir positivamente, xa que a percepción da situación económica mellorou nos últimos anos. De feito, máis do 70% dos galegos pode permitirse “saír a cear, á cafetería, ao cine e ao teatro”, cando hai catro anos esa porcentaxe roldaba o 40%.